



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 405/2015, DO 22 DE XULLO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 364/2015 do 7 de xullo aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de 3 PEÓNS para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 391/2015 do 16 de xullo onde se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para 3 PEÓNS de incendios, e onde se convocaba aos aspirantes para a realización da proba física de esforzo (proba do banco) o venres día 17 de xullo as 8:15h da mañán na Clínica Vimianzo Saúde.

Vista a acta nº 1 do tribunal de selección con data do 17 de abril do desenvolvemento da proba física realizada o día 17 de xullo de 2015 ás 8:15h en Vimianzo e vistos os resultados da mesma valorados e contrastados polos profesionais da Clínica Vimianzo Saúde, na que aparece a calificación dos aspirantes de aptos e non aptos.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 399/2015 do 17 de xullo na que o martes 21 de xullo foron convocados os aspirantes a PEÓNS que superaron a proba física, á realización da entrevista persoal e a valoración de méritos por parte do tribunal de selección.

Vista a acta do tribunal de selección nº 2 do día 21 de xullo de 2015, onde por unanimidade dos seus membros aparecen reflectidas as valoracións da fase de oposición e a fase de concurso para 3 PEÓNS.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Publicar a valoración total dos aspirantes 3 prazas de PEÓNS de incendios.

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
Amado García José Antonio	5,25
Blanco Touriño Maruxa	6,25
Cambón Andrade Marcos	3,60
García Barreira Juan Antonio	4,00
Martínez Lema Iván	4,20
Nuñel Ferreiro Adrián	5,05
Oanes Méndez Julia	6,50
Regueira Martínez Alejo	5,30
Varela Pazos Marcos	6,00

SEGUNDO.: Convocar aos 3 aspirante a PEÓNS con maior puntuación, que neste caso corresponden a D^a Julia Oanes Méndez, D^a Maruxa Blanco Touriño e D. Marcos Varela Pazos para a realización do recoñecemento médico o venres 24 de xullo ás 8:15h na Clínica Vimianzo Saúde, con dirección na Rúa Tras do Muíño nº 8, baixo CP 15129 Vimianzo (A Coruña). Os aspirantes preseleccionados deberá ir provistos de DNI e en saxún.

TERCEIRO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.cabana.gal) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 22 de xullo de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria en acumulación de funcións

Asdo.: José Muíño Domínguez.

Asdo.: Rosa Ana García Fernández